



Amigos sempre

Alfonso Eiré. Ed Espiral Maior, 1998



Carta aberta a un «Amigo(s) sempre»

Querido amigo:

Aínda que con moitos anos de atraso, lin o teu libro *Amigos sempre*. Gustoume. Porén, desexaría facerche algunhas observacións como lector que tamén viviu o mundo que reflectes na túa obra.

En primeiro lugar quero felicitarte por ser quen de plasmar na túa obra, de maneira tan precisa, o riquísimo rexistro léxico da bisbarra chantadina. Ao lerte, aos que temos a sorte de poder compartir patria, aínda que só sexa esporadicamente, co teu protagonista, parécenos estar tras unha lareira falando con aquela entrañábel xente.

A narración é fluída e a lectura do libro faise moi doada.

No tocante á temática é onde quero expresarche, en ton amigable, as miñas reticencias, respectando, faltaría máis, a túa

absoluta liberdade para contar as túas experiencias do modo e maneira que mellor che pete.

En primeiro lugar, creo que a obra debería levar o seguinte subtítulo: Memorias dun seminarista que sempre tivo moi claro que non quería ser crego. Esta perspectiva axudaría a comprender mellor a sen razón que o protagonista da historia atopaba nalgunhas normas de conduta ás que se vía sometido.

Coido que eu mesmo, se me metesen nunha escola islámica, a narración das miñas experiencias en nada se parecería á narración das experiencias dun compañeiro meu educado no Islam, aínda que ambos os deus compartísemos unha mesma realidade.

Eu cursei primeiro no seminario de Lugo dez anos antes que o protagonista da novela. Tiven superiores de toda clase e pelaxe. Estiven de xeonllos en canto corredor había no cen-